

# 4

## A poboación



### Ímonos contar!

Diana e Álvaro están traballando para o Instituto Nacional de Estatística. Van polas casas **recompilando** datos para elaborar o **censo**.

En cada domicilio, hai que encher un **cuestionario** acerca de todas as persoas que viven nel. Hai moitas preguntas: por exemplo, cantos membros compoñen a familia, a idade de cada un, a súa profesión ou os seus estudos. Como este ano tiven unha irmá pequena, os meus pais teñen que **actualizar** os nosos datos para incluíla.

Grazas a estes datos, os **concellos** e os gobernantes poden organizar os servizos públicos para atender as necesidades de limpeza das rúas, a seguridade dos cidadáns ou a creación de escolas.

#### FAIÑO EN EQUIPO



- Formade grupos e, por quendas, escribide que pensades que significan as palabras destacadas na lectura.
- Entre todos, nomeade algúns dos datos que se recollen no censo.
- Explicade, por parellas, que credes que son os «servizos públicos».

# Estudamos a poboación

## ● Que é a poboación?

A poboación dun territorio é o conxunto de todas as persoas que habitan nel.

Segundo o territorio que estudemos, falaremos da poboación dun barrio, da poboación dun pobo ou unha cidade, da poboación dunha comunidade autónoma ou dun país, da poboación dun continente ou da poboación mundial.

A poboación dun lugar non é sempre a mesma, cambia cando alguén nace ou alguén morre. A esas variacións chámaselles **movementos naturais** da poboación.

A poboación tamén varía cando chegan persoas novas a vivir a ese lugar ou marchan del para vivir noutro sitio. A eses movementos de saída ou chegada chámaselles **movementos migratorios**.

### COMPRENDE, PENSA...

- 1 Que é a poboación?
- 2 A poboación dun lugar é sempre a mesma? Por que?
- 3 Explica que son os movementos naturais da poboación e os movementos migratorios.

### TRABALLO COA IMAXE 1



**Relaciona.** Fíxate nestas dúas imaxes e relaciónaaas cos movementos naturais ou cos movementos migratorios.



Algúns datos que podes  
encontrar no censo

Habitantes	46 815 916
Españois	41 563 443
Estranxeiros	5 252 473
Homes	23 104 303
Mulleres	23 711 613
Nenos de 8 anos	472 481
Nenos	242 522
Nenas	229 959
Persoas maiores de 65 anos que viven soas	1 709 186
Fogares con dous fillos menores de 25 anos	2 552 052

TRABALLO COA IMAXE 2

Que información recollen os censos e os padróns municipais?

## ● Como contamos a poboación?

Para saber cantas persoas forman parte da poboación dun lugar, é necesario realizar recontos como o padrón e o censo.

- O **padrón municipal** é o rexistro onde deben inscribirse todos os habitantes dun municipio. O padrón infórmanos do seu nome e apelidos, sexo, domicilio, nacionalidade e lugar e data de nacemento. Os concellos actualízanos todos os anos.
- O **censo** é unha lista de todos os habitantes dun país nun momento determinado. Realízase cada dez anos e recolle gran cantidade de información sobre eles: a súa profesión, os estudos que realizaron, se teñen traballo ou están no paro, en que tipo de vivendas habitan e moitos outros datos necesarios para coñecer as características da poboación dun lugar. En España, o último censo realizouse no ano 2011.

Grazas aos datos que nos proporcionan o padrón e o censo podemos saber como está composta a poboación dun lugar: se hai máis persoas maiores que nenos, se o número de mulleres é maior ou menor que o de homes, ou canta xente traballa en oficios relacionados co campo ou en fábricas e oficinas.

### COMPRENDE, PENSA...

4 Como sabemos cantas persoas compoñen a poboación dunha cidade ou dun país?

5 Le os datos da táboa superior, tomados do censo de 2011, e contesta:

- Para que serve saber cantas persoas maiores soas viven nunha cidade?
- Por que é necesario saber se hai moitos nenos de 8 anos?



## A poboación cambia

### ● Natalidade e mortalidade

Xa sabes que a poboación cambia co paso do tempo. Pode aumentar ou diminuír por causas naturais. As causas destes movementos naturais son a natalidade e a mortalidade.

A **natalidade** é o número de persoas que nacen nun lugar e nun tempo determinados. A **mortalidade** é o número de persoas que morren nun lugar e nun tempo determinados. Por exemplo, o número de persoas que nacen ou morren nunha localidade ou nun país ao longo dun ano.

A natalidade fai que a poboación aumente e a mortalidade fai que a poboación diminúa.

Cando hai máis nacementos que falecementos, a poboación crece e dicimos que se produciu un **crecemento natural positivo**. Cando hai máis falecementos que nacementos, a poboación diminúe e dicimos que hai **crecemento natural negativo**.

Os avances da medicina, a boa alimentación e os hábitos hixiénicos melloran a saúde das persoas e favorecen o aumento da poboación. As guerras, as epidemias e a falta de alimentos favorecen a súa diminución.

#### COMPRENDE, PENSA...

- 1 Explica o significado dos termos «natalidade» e «mortalidade».
- 2 Que lle acontece á poboación dun municipio onde hai máis nacementos que falecementos? E se hai máis falecementos que nacementos?

#### TRABALLO COA IMAXE 1



**Relaciona e explica.** Di cal destas imaxes está relacionada co aumento de poboación e cal coa súa diminución, e explica por que.



## ● Inmigración e emigración

Ademais de por causas naturais, a poboación varía cando as persoas cambian o seu lugar de residencia por outro distinto, é dicir, a causa das migracións ou movementos migratorios. Eses movementos son a inmigración e a emigración.

A **inmigración** é a chegada de persoas a un lugar para vivir nel. A esas persoas chámaselles inmigrantes. A **emigración** é a saída de persoas dun lugar para ir vivir a outro. A esas persoas chámaselles emigrantes.

A inmigración fai que a poboación aumente e a emigración fai que a poboación diminúa.

A razón principal pola que as persoas emigran dun lugar para converterse en inmigrantes noutro é a busca de traballo e de mellores condicións de vida.

Para calcular o **crecemento real** da poboación dun lugar, teremos que sumar á poboación anterior o número de nacementos e inmigrantes e restar o número de falecementos e emigrantes. Se aumenta, o crecemento é positivo; se diminúe, o crecemento é negativo.

### TRABALLO COA IMAXE 2



Que fan as persoas que aparecen nas fotografías? Son inmigrantes ou emigrantes?



# Como se compón a poboación

A poboación dun lugar pódese clasificar de moitas maneiras diferentes. As máis importantes son polo seu sexo, a súa idade e a súa relación co traballo.

## ● Clasificamos a poboación

### A poboación por idade e sexo

Segundo a idade, a poboación clasifícase en nova, adulta ou anciá.

A poboación nova inclúe os menores de 16 anos.

A poboación adulta comprende os que teñen entre 17 e 64 anos.

A poboación anciá é a composta por persoas de máis de 65 anos.

Segundo o **sexo**, a poboación pode ser **masculina** ou **feminina**. De forma natural, nace un número un pouco maior de nenos que de nenas, por iso entre a poboación nova hai máis varóns que mulleres. En cambio, as mulleres adoitan vivir máis anos, polo que entre a poboación anciá hai máis mulleres.

### COMPRENDE, PENSA...

1 En que grupos se clasifica a poboación en función da súa idade?



2 Sabes por que hai máis homes que mulleres entre a poboación máis nova e máis mulleres que homes entre a poboación anciá?



### TRABALLO COA IMAXE 1

Clasifica por idade e sexo os personaxes que aparecen no supermercado e di quen pertence á poboación nova, adulta e anciá.



## A poboación e o traballo

Outra forma de clasificar a poboación dun lugar é en relación co traballo. Neste caso, distinguimos entre poboación activa e poboación non activa.

A **poboación activa** está formada polas persoas adultas que traballan ou están buscando emprego.

A poboación activa pode ser, á súa vez:

- **Poboación ocupada**, aquelas persoas que realizan un traballo e reciben diñeiro a cambio.
- **Poboación non ocupada** ou desempregada, está formada polos adultos que non traballan, porque están no paro ou buscando o seu primeiro emprego.

A **poboación non activa** está formada polas persoas que traballan sen recibir diñeiro a cambio e por aquelas que non poden traballar por algunha razón.

Á poboación non activa pertencen, por exemplo, os estudantes, os xubilados, as persoas que non poden traballar a causa dalgunha discapacidade, etc.

## A poboación e a localidade

A poboación tamén pode ser urbana ou rural.

- A **poboación rural** é aquela que reside en localidades pequenas, e se dedica a actividades do sector primario como a agricultura ou a gandería.
- A **poboación urbana** é aquela que reside en grandes cidades, e se dedica a actividades industriais e do sector terciario, como o comercio, o turismo, etc.

### TRABALLO COA IMAXE 2



Clasifica as persoas que aparecen nas imaxes como poboación activa ou poboación non activa.

### COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...

- 3 Que persoas forman parte da poboación activa?
- 4 Copia no teu caderno os seguintes grupos de poboación e escribe xunto a eles se forman parte da poboación activa ou da non activa: parados, xubilados, estudantes, traballadoras con soldo, voluntarios.

# A poboación en España e en Galicia

## ● A poboación en España

O último censo que se realizou en España foi o do 1 de xaneiro de 2011. Nese ano había 47 190 494 habitantes, seis millóns máis que no anterior censo de 2001.

O censo indicaba que o número de nados (472 000 persoas) era superior ao de falecidos (388 000 persoas). Iso supoñía que o crecemento natural de España nese ano era positivo.

En cambio, o crecemento real era negativo, xa que existía moita diferenza entre os inmigrantes chegados (457 000 persoas) e os emigrantes que saíron (580 000 persoas).

## ● A poboación e as migracións

A historia das migracións en España ten tres grandes períodos na historia recente:

- Ata o ano 1975, España era un país de emigrantes, tanto dentro do seu territorio coma cara ao exterior.
- Desde o ano 1995, o noso país foi inmigratorio. No ano 2013 residían algo máis de cinco millóns e medio de estranxeiros procedentes de América Latina, África e Asia.
- Na actualidade, España volveu ser un país emigratorio, debido á crise económica, que obrigou a numerosos españois e españolas a emigrar a outros países en busca de traballo.

## ● A poboación e o traballo

No ano 2012, a poboación activa en España era de algo máis de 23 millóns de persoas. Delas estaban ocupadas 17 millóns, e no paro, 6 millóns, debido á crise económica.



TRABALLO COA IMAXE

Comenta o gráfico no teu caderno.

## COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...

- 1 Investiga por que moitos mozos emigraron a outros países neste último ano.
- 2 Que quere dicir que o crecemento real de España no ano 2011 foi positivo?
- 3 Como explicarías que o crecemento real de España foi negativo, se o crecemento natural foi positivo?
- 4 Analiza o gráfico coa evolución da poboación española. Entre que décadas se produxo o maior crecemento da poboación? Canto creceu entre os anos 2011 e 2012?



## ● A poboación en Galicia

Galicia é a quinta comunidade autónoma máis poboada de España. Tendo en conta os datos do padrón municipal correspondente ao 2014, a comunidade ten 2 748 695 habitantes.

Estes repártense de forma desigual polos 315 municipios do territorio galego. A zona máis poboada é a litoral. No eixe atlántico, que discorre polas cidades de Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo, e os seus arredores, vive máis da metade da poboación. Mentres que as zonas de interior están máis despoboadas.

O número de defuncións é maior que o de nacementos, polo tanto o **crecemento natural** é **negativo** en Galicia.

O número de emigrantes é maior que o de inmigrantes, polo tanto o **crecemento real** é **negativo** en Galicia.



## ● A poboación e as migracións en Galicia

As cifras de poboación de Galicia creceron moito durante a primeira metade do século xx, pero despois quedaron estancadas. Isto é debido a que a natalidade é máis baixa que a mortalidade, e a que a inmigración é bastante escasa e non chega a compensar estas cifras negativas.

A causa última desde estancamento da poboación está na importante emigración a Europa na década de 1960. Ao emigrar moitos mozos en idade de ter fillos, os nacementos diminuíron e os anciáns aumentaron en proporción ao conxunto da poboación.

## ● A poboación e o traballo en Galicia

- O **sector primario** en Galicia ocupa só a 7 de cada 100 galegos, pero ten moita importancia, porque a gandería, a agricultura, a pesca, a minería e a silvicultura son a base de moitas das nosas industrias.
- O **sector secundario** ocupa a 28 de cada 100 galegos. As industrias máis importantes son as da construción, as da confección de roupa, as metalúrxicas, as alimentarias e as químicas.
- O **sector terciario** ocupa ao maior número de persoas; 65 de cada 100 galegos traballan prestando algún servizo. Destacan os traballos en turismo, transporte e comercio.

### COMPRENDE, PENSA...

**5** Cantos habitantes ten a comunidade? A nosa poboación crece ou decrece? Razona a túa resposta.

**6** Por parellas, buscade información en Internet sobre a poboación da vosa localidade e calculade o seu crecemento natural e o seu crecemento real. Despois, calculade os da vosa provincia e comparade os resultados.

